

O CICLO DE *UNIVERSO CANTIGAS*: FILOLOXÍA E HUMANIDADES DIXITAIS

LETICIA EIRÍN

Universidade da Coruña

Universo Cantigas (UC) é un proxecto, iniciado en 2016, que ten como finalidade realizar e pór á disposición do público a edición crítica dixital da poesía profana medieval galego-portuguesa. Tras as dúas primeiras fases, en que foron editadas as cantigas de amor e de amigo, está actualmente a desenvolverse o estudo das cantigas de escarnio e maldicer, ciclo que findará en 2026. UC (dispoñíbel no enderezo universocantigas.gal) ten ademais como antecedente ou punto de partida o *Glosario crítico da poesía medieval profana galego-portuguesa*, un repertorio lexical dicionarizado, contextualizado e exhaustivo das máis de 1600 cantigas transmitidas polos cancioneros profanos, elaborado entre os anos 2010 e 2015 e agora integrado en *Universo Cantigas*.

O traballo filolóxico realizado, coa aplicación a todo o corpus duns sólidos principios metodolóxicos de base neolachmaniana, móstrase na súa aplicación web grazas á base de datos (BD) que sustenta o proxecto, deseñada e implementada totalmente a medida, o que fai que ofrezca unhas capacidades practicamente ilimitadas para explotar a información, e que permite a súa constante actualización e mellora, a posibilidade de incluír novos materiais ou, entre outros, a ligazón a elementos perieditoriais que poden ter gran relevancia para a interpretación dos textos.

Nesta comunicación presentaremos a concepción, as bases metodolóxicas e o estado actual do proxecto, así como tamén os desafíos con que topamos ao longo deste camiño e as oportunidades que ofrece *Universo Cantigas* como contribución ao ámbito das Humanidades Dixitais.